

CIRCULAR 278

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XULLO 2019

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 279 e sairá a principios do mes de setembro de 2019.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de agosto de 2019.

5	Información Xeral
15	Información das Seccións
19	GIPCE
20	O Código Deontolóxico
19	GIPCE
21	Comisión Intersectorial de Xénero
22	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Apagando lumes

A relación das persoas co traballo é complexa e paradóxica. Mentres que algúns aspectos da relación laboral poden xerar motivación e satisfacción, incrementando o benestar, outros poden provocar malestar e insatisfacción, socavando progresivamente a saúde. Este é o caso, por exemplo, da sobrecarga de traballo, as expectativas pouco claras ou pouco realistas, ou a interacción continuada con clientes, persoas usuarias e pacientes; todos eles factores precursores do que se coñece coloquialmente como síndrome da traballadora ou traballador queimados. Precisamente, a vaguidade desta denominación provocou durante anos a tentación de frivolarizar sobre a natureza e magnitude dos problemas de saúde provocados polo «lume» do traballo. Pero o *burnout*, termo co que se nomea en inglés, é algo máis que sentirse desgastada ou desgastado; é unha enfermidade real que, en casos graves, pode comprometer a integridade mesma das persoas.

De feito, a Organización Mundial da Saúde (OMS) vén de recoñecer o desgaste profesional como unha categoría diagnóstica con entidade propia na Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-11), estando caracterizada por síntomas psicolóxicos (esgotamento), sociais (indolencia e despersonalización) e profesionais (sentimento de ineficacia e falta de realización) como resultado da perda da capacidade para adaptarse con éxito ao entorno de traballo. O recoñecemento expreso do desgaste

profesional como un problema laboral, ligado ao emprego ou ao desemprego, proporciona unha definición máis precisa, clara e urxente da síndrome. E, ao mesmo tempo, contribuirá definitivamente a visibilizar o problema e favorecer intervencións axeitadas.

Sen dúbida, a psicoloxía ten moita responsabilidade neste fito toda vez que é a disciplina que fixo maiores contribucións para comprender este fenómeno, propoñendo solucións integrais a nivel individual, grupal e/ou organizacional. Algunhas destas intervencións procuran tratar o *burnout* despois de que se produza, mentres que outras se centran no desenvolvemento de estratexias preventivas. Porén, os custos persoais, sociais e organizativos do desgaste profesional poden ser considerables en termos de saúde física, benestar psicolóxico e rendemento no traballo, polo que unha estratexia de prevención primaria na que se dean os pasos requiridos para minimizar o risco antes de que ocorra é o enfoque máis racional e prudente. En consonancia con esta afirmación, o foco no ámbito laboral é esencial para que as intervencións poidan tratar exitosamente o esgotamento. Así, o protocolo de intervención máis eficaz é o resultado de combinar cambios na práctica organizacional con intervencións centradas na persoa. As intervencións organizacionais son necesarias para cambiar calquera área da vida laboral, pero son insuficientes a menos que vaian acompañadas de intervencións psicolóxicas que transmitan as habilidades, competencias e actitudes individuais necesarias. Nin cambiar o escenario laboral nin cambiar os individuos é suficiente por si só; o cambio efectivo ocorre cando ambas as formas de intervención se desenvolven de forma integrada.

Hai varios camiños para entender a experiencia da xente no seu contexto laboral e para desenvolver xeitos innovadores cos que mellorar o axuste persoa-traballo. Para avanzar cara a ese obxectivo, é imprescindible crear lugares de traballo máis saudables. É evidente que o próximo gran reto pasa polo traballo en colaboración entre académicos e profesionais para deseñar, implantar e avaliar programas de intervención que sexan realmente eficaces. A OMS deu un paso de xigante, xa é hora de que os líderes empresariais sigan o exemplo. As e os profesionais da Psicoloxía están preparados.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Asistiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, o día 6 de maio en Santiago de Compostela.

■ Xunto co vogal da Xunta de Goberno Victor M. Torrado Oubiña, acudiu a unha xuntanza co conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, Jesús Vázquez Almuíña, na que participaron varios altos cargos da Consellería, celebrada en Santiago de Compostela o día 4 de xuño. O obxectivo da xuntanza era trasladar á Administración as necesidades máis urxentes na atención á saúde mental e da inclusión dos psicólogos e psicólogas clínicas na atención primaria.

■ Asistiu á sinatura do convenio entre a Consellería de Sanidade e a Vicepresidencia da Xunta de Galicia para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, en Santiago de Compostela o día 10 de xuño.



M^a Rosa Álvarez Prada



Victor M. Torrado Oubiña



Acto da sinatura do convenio entre a Consellería de Sanidade e a Vicepresidencia da Xunta de Galicia

■ Xunto co vicedecano do COPG e coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación, Hipólito Puente Carracedo, acudiu ao acto de presentación do Servizo de Mediación Intraxudicial Familiar de Vigo, que tivo lugar o 18 de xuño. Este servizo entrará en funcionamento no mes de xullo, en virtude do convenio de colaboración asinado co Consejo General de Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social, o Ministerio Fiscal e o Colexio de Avogados de Vigo. O acto contou coa presenza do vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela; do xuíz decano de Vigo, Germán Serrano; da decana do Colexio de Avogados de Vigo, Lourdes Carballo Fidalgo e da fiscal xefe, Susana García Baquero.



Acto de presentación

A secretaria do COPG, Ana I. Martínez Arranz, mantivo unha xuntanza co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, José Antonio Grandás Arias. Nesta xuntanza, celebrada o 6 de marzo, abordáronse as liñas técnicas do convenio de colaboración para 2019 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil.



Ana Isabel Martínez Arranz

Varios membros da Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asistiron á reunión coa asociación de Xornalistas Galegas, representada por Ana Sanmartín e Susana Formoso, celebrada en Santiago de Compostela o 28 de maio. O obxectivo da xuntanza era reflexionar sobre o tratamento mediático dalgunhas noticias sobre violencia de xénero.



Reunión con Xornalistas Galegas



Hipólito Puente Carracedo

O vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantivo o 6 de maio unha reunión coa decana do Colexio de Avogados de Vigo, para tratar a situación do servizo de mediación intraxudicial, o día 6 de maio.



Eduardo Martínez Lamosa

O vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde, Eduardo Martínez Lamosa, acudiu á reunión convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública, para abordar a atención da situación da atención primaria na nosa comunidade, que se celebrou o día 28 de maio en Santiago de Compostela. O 14 de xuño, a colexiada Rosa Cerqueiro Landín participou, en representación do COPG, na rolda de prensa do colectivo na que explicou as súas reivindicacións e iniciativas



Rosa Cerqueiro Landín

Manuela del Palacio García e Ana M^a Ulloa Lage, presidenta e vicepresidenta respectivamente da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, xunto co vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, participaron nunha xuntanza con representantes da directiva da Confederación ANPAS Galegas. A xuntanza, celebrada en Vigo o día 3 de xuño, tiña por finalidade traballar na incorporación de novos e novas profesionais da psicoloxía no ámbito da educación pública galega.



Reunión coa Confederación de ANPAS Galegas

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu:

■ Xunto coa vogal da Xunta de Goberno M^a Concepción Rodríguez Pérez, á xuntanza do Comité Asesor do Protecting Victims' Rights (PRO.VI), para a protección dos dereitos ás vítimas de delito nos países socios, que se desenvolveu na cidade de Oporto os días 22 e 23 de maio.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M^a Jesús López Cernadas, asistiu ao seminario do «Plan de Atención de Persoas sen fogar en Galicia 2019 -2023», organizado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e celebrado en Santiago de Compostela o día 7 de maio.

M^a Concepción Rodríguez Pérez, vogal da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, participou na mesa redonda do aniversario do Padroado Concepción Arenal, que tivo lugar o día 30 de maio en Santiago de Compostela.

Jésica Rodríguez Czaplicki, coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, asistiu á I Xornada en Psicoloxía e Reprodución Asistida, organizada pola clínica IVI Vigo e celebrada o día 6 de xuño.

A coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Luz Losada Somoza, participou como relatora na Xornada Técnica en Violencia de Xénero, organizada polo Concello do Grove (Pontevedra) o día 5 de xuño.

A vicesecretaria do COPG, Alejandra Fernández Rodríguez, e o vicepresidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, José Ortuño Vilurbina, participaron na II Feira do Emprego do Centro UNED da Coruña. Unha xornada



Mª Jesús López Cernadas



Mª Concepción Rodríguez Pérez



Jésica Rodríguez Czaplicki



Mª Luz Losada Somoza

de información ao alumnado que deu a coñecer as distintas posibilidades de emprego do Grao de Psicoloxía, así como as oportunidades profesionais e as vantaxes formativas que ofrece a colexiación. Celebrada na Coruña o día 12 de xuño.



Fátima López Rodríguez

Fátima López Rodríguez, en representación da coordinación da Quenda de Garda Psicolóxica en Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, participou como relatora na Xornada Técnica en materia de Violencia de Xénero, organizada polo Concello de Carballo (A Coruña) o 14 de xuño.

Varios membros do Grupo de Traballo sobre Esclerose Múltiple (EM) do COPG, que participaron na redacción da Guía de EM, editada pola Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGA-DEM), asistiron ao acto de presentación da 1ª Edición da Guía

de Esclerose Múltiple, que tivo lugar en Santiago de Compostela, no salón de actos da Consellería de Sanidade o día 14 de xuño. Esta guía pretende dar a coñecer o traballo de todos os profesionais que de maneira coordinada, multi e interdisciplinar, son imprescindibles para abordar a enfermidade. Podes acceder á guía no seguinte enlace: <https://esclerosismultiplegalicia.org/>



Durante o acto de presentación



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIÓNS
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Tel: 986 295 621

KARMA

Tel: 986 471 439

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos
Seminarios con especialistas
Prácticas in vivo supervisadas
Horarios e contidos adaptados
ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Comeselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García
(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
(Membro honorífico de cambio)

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA

O 7 de xuño celebramos en Santiago de Compostela unha nova edición do acto «Achegas da Psicoloxía».

É un encontro anual para todas as persoas colexiadas no que realizamos a entrega do noso galardón o **Premio Dolores Llópiz «Psicoloxía e Sociedade»**. Un galardón creado para distinguir á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da nosa profesión.

A Xunta de Goberno do COPG acordou outorgar o premio nesta undécima edición a Ángel Carracedo Álvarez, polo seu papel como investigador e divulgador científico o que o sitúa como un referente internacional, así como a súa aproximación humanizada á ciencia e a súa significativa vocación de servizo á comunidade.

Fíxose entrega, así mesmo, do recoñecemento ao Colexiado de Honra, que nesta ocasión a Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG acordou conceder a Miguel Pérez Pereira, co que se quixo significar a súa entrega extraordinaria tanto no desenvolvemento da Psicoloxía en Galicia como ao propio nacemento do Colexio, do que foi o primeiro presidente.

Como é tradición, tamén se efectuou un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial.



Premios solidarios ONCE



A decana do COPG recolle o Premio Solidario ONCE Galicia

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia recibiu, nun acto celebrado o día 11 de xuño no Teatro Colón da Coruña, o **Premio Solidario ONCE Galicia**, que entrega o Grupo Social ONCE. O COPG foi distinguido con este galardón na modalidade de institución, organización, entidade ou ONG, polas actividades que vimos realizando orientadas a promover un cambio na sociedade galega, reducir as desigualdades entre as persoas, favorecer as condutas de respecto e de tolerancia, loitar contra a violencia machista, promover a boa saúde mental e eliminar os estigmas contra a enfermidade mental, segundo se recolleu no fallo dos galardóns.

Visita ás instalacións do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia (CIAE)



Visita da Xunta de Goberno do COPG ao CIAE



Reunión da Xunta de Goberno do COPG

O pasado 21 de xuño, os membros da Xunta de Goberno do COPG visitaron as instalacións do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, situadas na Estrada (Pontevedra), e desde o que se coordina todas as actuacións en situacións

de emerxencia, incluída a que se realiza desde o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Posteriormente celebraron no devandito centro sesión ordinaria da Xunta de Goberno.

Alegacións realizadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou o día 17 de xuño de 2019 alegacións ao «Anteproxecto da Lei reguladora dos xogos en Galicia», para impulsar unha lei que teña en conta a prevención das adicións neste campo, especialmente entre a mocidade.

IX Edición do Premio Psicofundación mozos e mozas psicólogos e psicólogas emprendedores 2019

Desde PSICOFUNDACIÓN, convocan a «**IX Edición do Premio Psicofundación mozos e mozas psicólogos e psicólogas emprendedores 2019**».

O obxectivo do premio é fomentar a iniciativa, a creatividade e innovación dos mozos e mozas psicólogos e psicólogas do Estado e dos países latinoamericanos.

Pódense consultar as bases no seguinte enlace:

<http://www.psicofundacion.es/pdf/2019-BasesIXEdicionPremio-JovenesPsicologosEmprendedores.pdf>

O prazo de presentación de candidaturas remata o 31 de xullo de 2019.

ANUNCIO

Traspásase por xubilación consulta de Psicoloxía e Logopedia. Aberta en 1980, con ampla carteira de pacientes/clientes. En plena actividade, continúaase cos usuarios en activo. Traballo para dous ou tres profesionais. Recoñecemento de Centro Sanitario Polivalente. Ubicada entre Vigo e Pontevedra. Interesad@s contactar con Fátima no tfno. 647 774 060



Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducíense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

ig Instagram: <https://www.instagram.com/copgalicia/>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver



Nome Apellido Apellido

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓN

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
E DE DISTINCIÓNS

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación realizada

Os días 5 e 6 de abril levouse a cabo o curso «**Iniciación en teoría e técnica grupal. Modelo de grupo operativo**», impartido por José Ignacio Suárez Soto e Laura Mantrana Ridruejo, especialistas en Psicología Clínica na Unidade de Saúde Mental Comunitaria de Jerez de la Frontera (Cádiz), e coordinado por Esther Reguera Rodríguez, socia da Sección de Psicología e Saúde do COPG. As persoas asistentes tiveron a oportunidade de desenvolver habilidades de deseño e implementación de intervencións grupais desde o paradigma do grupo operativo, mediante exposicións teóricas dos docentes e exercicios prácticos por parte de todas as persoas participantes.



Curso «Iniciación en teoría e técnica grupal. Modelo de grupo operativo»

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude>

Formación prevista

A Sección de Psicología e Saúde está programando actividades para o segundo semestre do ano. Nos vindeiros meses está previsto levar a cabo formación sobre a monitorización das/dos terapeutas e sobre o suicidio.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Proceso selectivo do Parlamento de Galicia

No Diario Oficial de Galicia (DOG) de 20 de maio, publicouse o Acordo do 2 de maio de 2019 polo que se convoca proceso selectivo para ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar (grupo D) no Parlamento de Galicia. Por primeira vez esta oposición inclúe unha proba de avaliación psicolóxica no seu procedemento. Concretamente, unha proba psicotécnica que permita avaliar de maneira obxectiva as capacidades das persoas aspirantes referidas ao razoamento en xeral, á memoria e á atención, así como aspectos máis específicos, como a aptitude verbal, numérica e espacial. Esta novidade é resultado da colaboración do COPG co Pazo do Hórreo; en particular, da colexiada Concepción Prado Álvarez, socia da Sección, que participou activamente no deseño da convocatoria.

A OMS outorga maior importancia ao *burnout*

A síndrome de desgaste ocupacional ou *burnout* (QD85) figurará na próxima Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-11) da Organización Mundial da Saúde (OMS) como un problema asociado ao emprego e ao desemprego. A OMS redefiniu esta categoría diagnóstica como o resultado do estrés crónico no lugar de traballo que non se manexou con éxito. Caracterízase, ademais, por tres dimensións: 1) sentimentos de falta de enerxía ou esgotamento; 2) aumento da distancia mental con respecto ao traballo, ou sentimentos negativos ou cínicos con respecto ao traballo; e 3) eficacia profesional reducida. Esta nova categorización, que entrará en vigor no ano 2022, sinala explicitamente que o *burnout* se refire de forma exclusiva aos fenómenos da contorna laboral e que non debe aplicarse para describir experiencias noutras áreas da vida. Este cambio contribuirá á visibilidade da doenza e, ao circunscribilo a un problema no traballo, tamén facilitará a xestión das baixas e das incapacidades laborais.





O COPG na II Feira de Emprego do Centro UNED A Coruña

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>

Saídas profesionais e emprego

O 12 de xuño de 2019 celebrouse a **II Feira de Emprego do Centro UNED A Coruña**. Este evento, destinado principalmente a estudantes recentemente titulados nos diferentes Graos e Mestrados que oferta a UNED, así como a calquera outra persoa interesada en xeral, contou coa participación de José Ortuño Vilurbina, vicepresidente da Sección de PTO, que, xunto con Sandra Fernández

Rodríguez, vicesecretaria e responsable de Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional do COPG, ofreceu unha charla informativa dedicada á profesionalización e a especialización laboral. Ademais de trasladar as diferentes saídas profesionais do Título de Grao en Psicoloxía, presentaron os diferentes servizos que oferta o COPG e as vantaxes da colexiación.

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RRHH e desexas colaborar coa Sección, ponte en contacto co COPG. Temos moitos proxectos por emprender conxuntamente!

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

O día 15 de xuño celebrouse, como cada ano, o Día Internacional de toma de conciencia do abuso e maltrato na vellez. A Asemblea das Nacións Unidas designou ese día coa fin de concienciar do grave problema de saúde pública e de violación dos dereitos humanos que supón a violencia cara ás persoas maiores.

Publicouse un manifesto coa intención de concienciar sobre esta problemática e para que se participe de maneira activa na erradicación deste problema.

Podes velo no seguinte enlace: <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-intervencion-social/manifesto-no-dia-internacional-de-maltrato>

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social>

VALEDOR DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

QUEN É?

É unha figura creada como órgano independente para encargarse da defensa e protección dos dereitos, intereses e liberdades de todos os membros do COPG.

COMO SE SOLICITA A SÚA INTERVENCIÓN?

Calquera colexiado/a pode solicitar a intervención do/a Valedor/a se considera lesionados os seus dereitos en canto profesional da Psicoloxía, tanto polo Colexio como por calquera organismo ou entidade pública ou privada.

COMO ACTÚA?

- ❑ Procedemento con vistas orais e/ou escritas, posibilidade de mediación, se é o caso, e unha resolución do mesmo nun prazo máximo de 3 meses.
- ❑ As súas recomendacións non son vinculantes, pero si poden suxerir a modificación de criterios na elaboración de acordos ou de resolucións dos órganos de goberno do COPG.

TEÑEN LIMITACIÓNS AS SÚAS ACTUACIÓNS?

- ❑ O asunto sometido á súa consideración estea pendente dalgún procedemento xudicial ou xa teña sido xulgado.
- ❑ Transcorra máis dun ano desde que se produciu o suceso.
- ❑ Se a queixa é anónima ou se aprecia mala fe nela.
- ❑ Se é ou foi obxecto da intervención da Comisión Deontolóxica.

Para ver o regulamento de funcionamento do/a valedor/a acceder ao seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_valedor_colexiados-as.pdf

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Formación interna

Os días 31 de maio e 1 de xuño, tivo lugar o curso «**Terapia de compaixón e regulación emocional. Módulo I**», impartida por Gonzalo Brito, experto instrutor de programas baseados en mindfulness e compaixón. Esta formación, que terá continuidade a principios do mes de outubro, tivo unha moi boa acollida e valoración polos membros do grupo, cunha alta participación a pesares de non ser obrigatorio, nesta ocasión.



Curso «Terapia de compaixón e regulación emocional.
Módulo I»

Informacións

O 29 de xuño realizouse unha xornada informativa para novos GIPCEs, na que se lles explicou o funcionamento interno do grupo e se aclararon dúbidas.

Ademais queremos salientar que no que vai de ano 8 integrantes do GIPCE-COPG acadaron os criterios necesarios e deron o paso ao GIPCE-112. Felicitámoslos polo seu logro e aproveitamos para animar desde aquí a todos os colexiados e colexiadas que estean interesados na Psicoloxía de Emerxencias a unírense ao grupo

para irse formando e poder acceder ao grupo de intervención cando cumpran os criterios esixidos.

O 18 de xuño a coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez Rubines, tivo unha reunión coa xefatura territorial da Consellería de Sa-




Xornada informativa

nidade en Ourense, polo Plan de Emerxencias Exterior da Cepsa de Maside.

O 27 de abril celebrouse unha xuntanza das Xefas de Garda do GIPCE, onde se expuxo fundamentalmente o novo protocolo no que o Grupo de Atención a Intervenientes (GAI) está a traballar.

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- O suxeito dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo. Se che solicita unha copia do mesmo, dálla.
- Non emitas xuízos, comentarios ou conclusións sobre persoas que non avalíaches e non deron o seu consentimento.

COMISIÓN
INTERSECTORIAL
DE XÉNERO

*Ligazón ao apartado da
Comisión Intersectorial de
Xénero da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero>*

8M Día
Internacional da
Mulle^r



Obra premiada

Concurso audiovisual «Mulleres» 2019

A Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia informa da obra audiovisual premiada no **concurso audiovisual «Mulleres» 2019**, dirixido a estudantes de Bacharelato e de Ciclos Formativos de Grao Medio (CFGM) e Superior (CFGS), de centros de ensino de Galicia, de maneira grupal (entre dous e seis participantes).

Título: «Desigualdade»

Nome das premiadas: Sandra Rodríguez Macía e Iria Rodríguez Macía.

Centro escolar: IES Río Cabe de Monforte de Lemos (Lugo).

Os membros da Xunta de Goberno e da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG trasladámoslle os nosos parabéns.



ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO MELLORANDO OS RESULTADOS EN PSICOTERAPIA: PRINCIPIOS TERAPÉUTICOS

Data: 20 e 21 de setembro de 2019.

Lugar: salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

CURSO DE COMUNICACIÓN DE MALAS NOVAS EN EMERXENCIAS E CATÁSTROFES E PROCESO DO DÓ

Data: 20, 21, 27 e 28 de setembro de 2019.

Lugar: Santiago de Compostela.

Pendente confirmar.

Organiza: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

CURSO DE REGULACIÓN EMOCIONAL E TERAPIA CENTRADA NA COMPAIXÓN - MÓDULO II

Data: 4 e 5 de outubro de 2019

Lugar: Santiago de Compostela.

Pendente confirmar.

Organiza: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

CURSO AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTA SUICIDA

Data: 25 e 26 de outubro de 2019.

Lugar: salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

CURSO ONLINE DE IGUALDADE DE XÉNERO NO EMPREGO

Data: do 28 de outubro ao 30 de novembro de 2019.

Plataforma de Teleformación do COPG.

Organiza: Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

IV XORNADAS GALEGAS DA PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E DA SEGURIDADE 2019

Data: 8 e 9 de novembro de 2019.

Lugar: Santiago de Compostela.

Pendente confirmar.

Organiza: Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

XXIV XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Data: 15 e 16 de novembro de 2019.

Lugar: Tui.

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Verán

Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro
Luns, martes e mércores
de 8.00 a 20.00 h
Xoves e venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** [www.linkedin.com/
company/copgalicia](http://www.linkedin.com/company/copgalicia)

 **Instagram:** [www.instagram.com/
copgalicia/](http://www.instagram.com/copgalicia/)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicológos



NON É
TABÚ,
É A
VIDA

FALAMOS?

Pon a túa saúde só en mans de profesionais.



Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia